

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

15-01-2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 17/12/2019
2. Informes
3. Oferta número de prazas
4. Informe de asistencia a clase en caso singular
5. Revisión de pasos a seguir nas accións de mellora Aspen Hysys e Visitas
6. Quenda aberta

Asistentes:

M.S. Freire, J. González, R.A. Guerra, A. Mosquera, F. Omil,
M.C. Palacios, E. Rodil

**Excusan a súa
asistencia:**

O día 15 de xaneiro ás 12:00 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 17/12/2019

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do do 17/12/2019.

2. Informes

2.1. Participación de profesores do Grao no Estalmat

O pasado 11 de xaneiro os profesores A. H., H. R. e A. M. e o investigador pos-doutoral M. M. participaron no proxecto Estalmat coa xornada “Matemáticas no laboratorio: conservación da enerxía”.

2.2. Aprobación se procede dos informes de docencia por mor da solicitude de complementos docentes.

Os criterios de valoración tendo en conta a Normativa da ETSE e da USC son:

- Cumprimento das obrigas docentes
- Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado
- Actividade docentes adicionais na planificación das ensinanzas do título

A partires da documentación remitida polo profesorado e a que se posúe nos arquivos da ETSE e a USC, a Comisión acorda aprobar a seguinte valoración (para os períodos solicitados polos profesores/as):

PROFESOR/A	VALORACIÓN
S. C., M. C.	MOI FAVORABLE

3. Oferta número de prazas para o curso académico 2020-2021

Dende a vicerreitoría de Titulacións solicitan á ETSE a proposta da oferta de prazas para os graos para o curso 2020/2021. A proposta da comisión do Grao en Enxeñaría Química é manter os números do curso pasado segundo se indica na seguinte táboa.

Titulación / cotas	Nº de prazas
<i>Denominación da titulación:</i> <i>Grao en Enxeñaría Química (2502237)</i>	
Oferta de prazas ordinarias	60
Oferta de prazas curso ponte (de ser o caso)	10 EQ+ 10 ETQI
Cota de traslados nacionais	6
Cota de validación parcial de estudos estranxeiros	1
Oferta prazas dobres titulacións	--
Oferta prazas de continuación en dobres titulacións	Titulacións A: --
	Titulacións B: ---
Intención de aumentar a oferta de prazas	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Oferta de prazas proposta</i> • <i>Xustificación</i> 	---

4. Informe de asistencia a clase en caso singular

A alumna C. G. G. cursa a última materia para acabar o grao antes do TFG. Matriculouse na convocatoria extraordinaria fin de carreira da materia Enxeñaría de Procesos. Debido aos seus problemas de saúde solicita “a adaptación das actividades docentes así como das datas e mecanismos de avaliación ás súas condicións ou circunstancias especiais.


5. Revisión de pasos a seguir nas acción de mellora relativas ao Aspen Hysys e Visitas técnicas

1. Pedir aos profesores a información das horas de Aspen Hysys que imparten y que contidos dan. Despois se valorarán outras materias para impartir o Aspen Hysys (exemplo termodinámica).
2. Pedir información das visitas realizadas e que se van a realizar. Despois falar de como xestionar esas visitas.

3. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:10 h.

En Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao